

**ACTA NÚMERO 5/2016**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DIA 30 DE AGOSTO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:15 horas, do día trinta de agosto de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup> Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1 - SORTEO PARA A DESIGNACION DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIONS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2016.-

2- RATIFICACION DA SOLICITUDE DE AXUDA PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0 -3 E DOS PUNTOS DE ATENCION A INFANCIA DEPENDENTES DE CORPORACIONS LOCAIS.-

1.- SORTEO PARA A DESIGNACION DOS MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIONS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2016.-

O vindeiro 25/09/2016 serán as Eleccións ao Parlamento de Galicia 2016, en cumprimento co establecido na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, deberase proceder ao sorteo das persoas que formarán parte das mesas electorais acolléndose aos programas informáticos facilitados pola Diputación Provincial da Coruña ou o do INE (programa Conoce).

Acordase que si non é posible notificar as persoas seleccionadas para as mesas ou si a Xunta Electoral da Zona o determina, aos efectos establecidos na Lei, designarase a unha persoa correlativa ao número de elector da lista do Censo electoral deste Concello que cumpla cos requisitos establecidos na normativa vixente para formar parte das mesas electorais deste concello.

Cumpridas tódalas formalidades legais establecidas, este concello formou as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

*(NOTA: os datos do sorteo retíranse en virtude do acordo da xunta electoral central 663/2011 de 3 de novembro de 2011 recaído no expediente 140/261, polo que se respondía a unha consulta relativa á “posibilidade de publicar a composición das mesas electorais do sorteo realizado polo Pleno do Concello”. O citado acordó literalmente sinala:*

*“1º) La LOREG establece el carácter público del sorteo para la designación de los miembros de Mesa en el artículo 26.2 LOREG, pero no la publicidad de los datos resultado de los mismos, especialmente teniendo en cuenta que no son definitivos dado que podrían estar sometidos a excusa. Esta Presidencia no acierta a comprender la justificación de una publicidad de tal carácter, con la única excepción de que sea el interesado el que pueda comprobar, introduciendo sus datos personales, si ha resultado designado miembro de una mesa electoral, del mismo modo que sucede con la posibilidad de comprobación por el interesado de sus datos censales.*

*2º) Dicha publicación no podrá en ningún caso sustituir el acto de notificación de la designación. Es doctrina de esta Junta que la notificación se realizará en el modelo oficial aprobado por Real Decreto (Ac. 17 de Junio de 1987). El modelo oficial se contiene en el anexo 7. C .7.4º del Real Decreto 605/1999 de 16 de abril por el que se establece la regulación complementaria de los procesos electorales.”*

E o informe 0219/2016 da AEPO cúa conclusión é:

*“no cabiendo en consecuencia amparar la publicación de los datos en el artículo 11.2 a) de la Ley Orgánica 15/1999 y no existiendo otra causa legitimadora de la cesión, la publicación de los datos en Internet a la que se refieren las noticias mencionadas en la consulta resultaría contraria a lo establecido en la normativa vigente en materia de protección de datos de carácter personal.”)*

## **2.- RATIFICACION DA SOLICITUDE DE AXUDA PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 E DOS PUNTOS DE ATENCION A INFANCIA DEPENDENTES DE CORPORACIONS LOCAIS.-**

Publicada a Orde do 13 de xullo de 2016, pola que se regulan as Bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora de infraestruturas e do equipamento das escalas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), Consellería de Política Social, DOG núm . 140 do 26 de xullo de 2016, na cal solicitaban aprobar mediante pleno a solicitude de subvención non obstante recíbese escrito da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica aclarando que era suficiente ratificar ou tomar razón da solicitude de subvención no pleno e se non hai pleno durante o prazo de solicitude poden presentar igualmente a solicitude e lago incorporar ao expediente a dita ratificación.

Por Resolución de Alcaldía nº 136/2016 acordouse solicitar a axuda para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento do PAi, que literalmente dí como segue:

"Decreto: 136/2016

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DO PAi.-

VISTA a Orde do 13 de xullo de 2016, pala que se regula n as Bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora de infraestruturas e do equipamento das escalas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAi) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-20 20), Consellería de Política Social, DOG núm. 140, 26 de xullo de 2016.

VISTA que a mesma regula ditas axudas para a adecuación e mellora destes centros a través de realización de obras menores e da compra do equipamento preciso, na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada.

VISTAS que estas axudas teñen como finalidade contar con recursos de atención á infancia accesibles, sustentables e de calidade en todo o territorio do nosa comunidade.

VISTAS as conclusións sobre educación infantil e atención á infancia do Consello da Unión Europea sobre a importancia do investimento na calidade da educación infantil, que contribúe á consecución de algúns dos obxectivos principais da Estratexia Europea 2020, e o Plan de dinamización demográfica para Galicia 2013 -2016, Horizonte 2020 , o Programa de apoio a natalidade (PAN), e o disposto na Lei 3/ 2011 , do 30 xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

VISTA a proposta e o estudo de necesidades elaborado pola direct ora do PAi, como persoa responsable da comunicación de necesidades de mantemento e materiais, así como das propostas para a mellora educativa, presentada ante a Xunta de Goberno Local celebrada o día 4 de agosto.

VISTO que a Xunta de Goberno Local acordou solicitar a Estudio Técnico Gallego, S.A., unha memoria valorada para obra menor considerada necesaria pola dirección do PAI.

RESOLVO:

Solicitar as seguintes axudas:

a) Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia así como obras de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios:

- Construción e instalación de cuberta no patio exterior, imprescindible para o seu uso do patio en todas as estacións do ano, debido á climatoloxía da zona: 11.193,78€.

b) Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo:

•Mobiliario interior e electrodomésticos, mobiliario exterior e materia l didáctico e de xogo:11.264,78€.

c)Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula: 3.734,79€.

Asumir as seguintes obrigas en caso de ser concedidas ditas axudas :

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que o concede.

b) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo de normas xerais de contabilidade que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos, que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á prestación destas contas ante a Comisión Europea.

c)Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actidade e manter as infraestruturas e os equipamentos subvencionados destinados ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco anos, tal e como se recolle no artigo 29.4.a) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, e o artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

d) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativas aos programas e actuacións realizados, a condición de subvencionados pola Consellería de Política Social e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014/ 2020 , segundo o establecido no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

e) Informar o público de que infraestrutura está financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social) e polo Feder, así como dos obxectivos dos Fondos. No lugar da prestación do servizo colocarse destacado e visible un cartel informativo dun tamaño mínimo A3 no cal aparezan os anagramas da Consellería de Política Social e do Feder.

f) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme o establecido nesta orde.

g) Facilitar toda a información que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72,73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostas pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

i) Comunicarlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais , e non

superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

j) Acreditar con anterioridade a ditar a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, estar ao día nas abrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

1) Subministrar información nos termos previstos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Mándao e asíno o señor alcalde en funcións don Amadeo Cancela Fariña en Tordoia a doce de agosto de dous mil dezaseis.=O alcalde en funcións, Ante mío, A Secretaria.=Amadeo Cancela Fariña.=Ana Beatriz Oveja Villafañe.=Seguen as sinaturas."

Por todo o exposto PROPOÑO:

RATIFICAR a solicitude da subvención nos termos expostos no Decreto nº136/2016.

Unha vez explicado o expediente e sometido a votación votan a favor 7 PP 2 PSdeG-PSOE e 1BNG, polo que queda aprobada a ratificación da solicitude de subvención.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, senda as 13:45h